



| Guía Docente | | | | |
|-----------------------|---|--------------------|-------------------|----------|
| Datos Identificativos | | | | 2018/19 |
| Asignatura (*) | Inserción e orientación laboral | Código | 652606612 | |
| Titulación | 5 Mestrado Universitario en Profesorado de Educación Secundaria: Formación e Orientación Laboral | | | |
| Descritores | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos |
| Mestrado Oficial | Anual | Primeiro | Obrigatoria | 4 |
| Idioma | Galego | | | |
| Modalidade docente | Presencial | | | |
| Prerrequisitos | | | | |
| Departamento | Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación | | | |
| Coordinación | Arza Arza, Neves | Correo electrónico | neves.arza@udc.es | |
| Profesorado | Arza Arza, Neves | Correo electrónico | neves.arza@udc.es | |
| Web | | | | |
| Descrición xeral | A orientación profesional forma parte das funcións do profesorado da especialidade de FOL. A ausencia de formación neste campo nas titulacións cursadas polo alumnado que accede ó itinerario de FOL explica a necesidade desta materia. A súa finalidade é proporcionar as competencias necesarias que lle permitan comprender o alcance e importancia da orientación profesional, planificar, desenvolver e avaliar accións de orientación profesional no Ensino Secundario e na Formación Profesional. | | | |

| Competencias / Resultados do título | |
|-------------------------------------|--|
| Código | Competencias / Resultados do título |
| A15 | CE-E1)Coñecer o valor formativo e cultural das materias correspondentes á especialización. |
| A16 | (CE-E2)Coñecer os contidos que se cursan nos respectivos ensinos. |
| A17 | (CE-E3)Coñecer a historia e os desenvolvementos recentes das materias e as súas perspectivas para poder transmitir unha visión dinámica das mesmas. |
| A18 | (CE-E4)Coñecer contextos e situacións en que se usan ou aplican os diversos contidos curriculares |
| A19 | (CE-E5)Coñecer os desenvolvementos teórico-prácticos do ensino e a aprendizaxe das materias correspondentes. |
| A20 | (CE-E6)Transformar os currículos en programas de actividades e de traballo. |
| A21 | (CE-E7)Adquirir criterios de selección e elaboración de materiais educativos. |
| A25 | (CE-E11)Coñecer e aplicar propostas docentes innovadoras no ámbito da especialización cursada. |
| C1 | Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma. |
| C3 | Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida. |
| C4 | Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común. |
| C7 | Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida. |

| Resultados da aprendizaxe | | | |
|--|----------------------|-------------------------------------|-----|
| Resultados de aprendizaxe | | Competencias / Resultados do título | |
| Identificar as posibilidades de utilización das ferramentas da web 2.0 na OP, incorporalas na programación das materias da especialidade e valorar a súa contribución a alfabetización dixital do alumnado | AP16 AP19 AP20 | | CM3 |
| Identificar las atribucións docentes y las funciones del profesorado de la especialidad de FOL en el campo de la orientación profesional y comprender la importancia y necesidad de formación en este camp | AP15 | | CM7 |
| Caracterizar a evolución e situación actual da orientación profesional no sistema educativo e no ámbito laboral, principalmente, no que fai ós aspectos organizativos, funcionais e profesionais. | AP17 | | CM7 |



| | | | |
|---|----------------------|--|-----|
| Analizar o desenvolvemento teórico da orientación, describir e comprender os seus trazos conceptuais, as áreas, os principios e os modelos de intervención da orientación profesional e reflexionar sobre as súas implicacións para a práctica. | AP15 AP17 AP19 | | |
| Identifica-los factores que interveñen na inserción laboral e analiza-la súa relación coas áreas de intervención. | AP19 | | |
| Analizar a influencia do xénero na toma de decisións académicas e profesionais e na inserción laboral e identificar os indicadores da desigualdade de xénero no sistema educativo e no mercado laboral. | AP19 | | CM4 |
| Comprender a necesidade de incorporar o enfoque de xénero na orientación profesional e deseñar propostas didácticas nas que se integre. | AP18 AP20 | | |
| Analizar as funcións sociopolíticas da orientación profesional reflexionar sobre as posibilidades e características dunha orientación profesional para o cambio que incida nunha praxe non discriminatoria | AP15 AP19 | | CM4 |
| Analizar o currículo das materias e módulos da especialidade de FOL tendo como criterios as características conceptuais da orientación profesional, as áreas e modelos de intervención. | AP15 AP16 | | |
| Deseñar, seleccionar e valorar programas e materiais de orientación profesional | AP20 AP21 AP25 | | |
| Comprender e utilizar axeitadamente a terminoloxía do campo da orientación e inserción profesional. | | | CM1 |

| Contidos | |
|--|--|
| Temas | Subtemas |
| Tema 1. A orientación profesional: campo de intervención do profesorado de FOL | 1.1. A orientación profesional/laboral no currículo dos módulos e áreas que imparte o profesorado de FOL 1.2. A orientación profesional/laboral como función: as atribucións do profesorado de FOL nos departamentos de orientación e nos departamentos de información e orientación profesional. 1.3. A orientación profesional no temario de acceso á especialidade 1.4. Perfil profesional do/a orientador/a laboral |
| Tema 2. Orientación profesional e orientación laboral | 2.1. Delimitación, caracterización conceptual da orientación profesional e da orientación laboral e relacións entre ambas. 2.2. Orientación profesional e empregabilidade. 2.3. Áreas de intervención 2.4. Modelos de intervención 2.5. A orientación na avaliación, recoñecemento e acreditación de competencias |
| Tema 3. Xénero e orientación profesional | 3.1. Conceptos para comprender e explicar as desigualdades de xénero. 3.2. Xénero, proxecto profesional e inserción laboral. 3.2. Radiografía das desigualdades de xénero no sistema educativo e no mercado laboral 3.3. A OP non discriminatoria (tamén non sexista ou para a igualdade de oportunidades) na normativa legal: evolución e situación actual. 3.4. A perspectiva de xénero na OP e xustiza social: conceptualización e pautas para a súa integración. 5.5. Programas e recursos para una OP con enfoque de xénero. |
| Tema 4. A utilización das tecnoloxías dixitais en orientación profesional | 4.1. Algúsn conceptos de partida 4.2. Ámbitos de utilización das TIC en OP 4.3. O desenvolvemento das competencias dixitais: obxectivo da orientación profesional 4.4. Boas prácticas na utilización das tecnoloxías dixitais en OP. |



| | |
|--|---|
| Tema 5. Desenvolvemento e situación actual da orientación profesional e laboral no sistema educativo e no ámbito laboral | <p>2.1. Principais fitos e tendencias no desenvolvemento da OP.</p> <p>2.2. Organización e funcións da OP no sistema educativo.</p> <p>2.3. Organización e funcións da OP no ámbito laboral</p> <p>2.4. A orientación profesional nas políticas de formación e emprego da UE.</p> |
|--|---|

| Planificación | | | | |
|-------------------------------|---------------------------------|---|-------------------------|--------------|
| Metodoloxías / probas | Competencias / Resultados | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
| Actividades iniciais | | 2 | 0 | 2 |
| Análise de fontes documentais | A17 A19 A25 C1 C4 | 5 | 15 | 20 |
| Sesión maxistral | A15 A17 A19 | 6 | 0 | 6 |
| Aprendizaxe colaborativa | A16 A18 A20 A21 C3 | 4 | 8 | 12 |
| Presentación oral | C3 C1 | 4 | 2 | 6 |
| Portafolios do alumno | A15 A16 A17 A18 A19 C1 C4 C7 | 0 | 13 | 13 |
| Prácticas a través de TIC | C3 | 1 | 2 | 3 |
| Traballos tutelados | A18 A20 A21 A25 C1 C3 C7 | 6 | 28 | 34 |
| Atención personalizada | | 4 | 0 | 4 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías | |
|-------------------------------|---|
| Metodoloxías | Descrición |
| Actividades iniciais | Actividade que se realiza ao inicio de cada tema. A súa finalidade é que o alumnado tome conciencia dos seus coñecementos previos e que os utilice na elaboración do cartafol como un recurso para a valoración e reflexión das aprendizaxes construídas na materia. |
| Análise de fontes documentais | As actividades de análise documental abordan distintas temáticas da materia: a) Análise do currículo das materias da especialidade e de dous libros de texto b) Análise de programas e actividades de orientación non sexista c) Análise de documentos que permiten profundizar en distintas temáticas e construír a fundamentación teórica dos traballos tutelados. d) Busca e análise de experiencias de utilización das TIC en orientación profesional |
| Sesión maxistral | O método expositivo utilízase para presentar, explicar e sintetizar algunhas das temáticas que integran o programa da materia. Esta metodoloxía complementase coa análise documental de afondamento. |
| Aprendizaxe colaborativa | A aprendizaxe colaborativa é o principio que ha de rexir nas actividades grupais de análise de fontes documentais e nos traballos tutelados. É obxecto de auto-avaliación e co-avaliación e vai repercutir na cualificación de cada unha das persoas do grupo de traballo. |
| Presentación oral | Presentación grupal do traballo tutelado. A presentación vai ser avaliada polo resto do alumnado a partir dunha rúbrica, elaborada e consensuada polo alumnado a partir de varias propostas proporcionadas pola profesora. |
| Portafolios do alumno | Consiste nun informe no que o alumnado da conta das aprendizaxes adquiridas, da súa aplicación no TFM e no período de prácticas e da relación existente co resto das materias do mestrado. No portafolios hai que incluír un mapa conceptual dos contidos da materia e un glosario de termos. |
| Prácticas a través de TIC | Céntrase no deseño da contorna persoal de aprendizaxe e na creación dun marcador social para a recompilación de recursos dixitais. Estas actividades complétanse coas aportacións das materias do itinerario. O marcador social realízase en grupo e a contorna persoal de aprendizaxe individualmente. As competencias dixitais docentes que se abordan son nomeadamente da área de información. |



| | |
|---------------------|---|
| Traballos tutelados | Consiste na resolución dun reto a escoller entre catro: a) deseño dunha proposta de aprendizaxe baseada en proxectos b) curación de contidos para os distintos ámbitos de utilización das tecnoloxías dixitais e deseño da contorna persoal de aprendizaxe c) proposta didáctica para a integración do enfoque de xénero (no módulo de FOL ou na titoría da Formación Profesional Básica d) construción dunha webquest. |
|---------------------|---|

Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|--|--|
| Presentación oral Traballos tutelados | <p>A atención personalizada adopta distintas modalidades: grupal, individual, obrigatoria e a demanda. A súa finalidade é apoiar e supervisar o proceso de aprendizaxe individual e grupal.</p> <p>O traballo tutelado (TT), como se indica na planificación, esixe de apoio personalizado, sendo obrigatoria a asistencia a dúas titorías grupais. Na primeira, teñen que dar conta da planificación do traballo e da organización do grupo para que cumpra cos principios do traballo colaborativo. Na segunda supervísanse as tarefas realizadas. As aulas interactivas tamén son un espazo para a supervisión e para orientación do TT e da presentación oral.</p> <p>O alumnado con matrícula a tempo parcial terá unha atención personalizada vinculada a modalidade de avaliación específica que se describe no apartado de avaliación.</p> |

Avaliación

| Metodoloxías | Competencias / Resultados | Descrición | Cualificación |
|---------------------------|---------------------------------|--|---------------|
| Portafolios do alumno | A15 A16 A17 A18 A19 C1 C4 C7 | <p>Consiste nun informe no que o alumnado describe o proceso de aprendizaxe e as aprendizaxes construídas, valora a súa aplicación no TFM e no Practicum, establece relacións coas aprendizaxes das materias do mestrado, identifica competencias profesionais e valora as súas necesidades de formación no ámbito da orientación profesional.</p> <p>Na súa valoración utilízase unha rúbrica que ademais de servir de instrumento de avaliación, orienta na realización do portafolios.</p> | 40 |
| Presentación oral | C3 C1 | <p>Presentación grupal dun dos estudos de caso e da análise dos sesgos sexistas nos libros das materias da especialidade.</p> <p>A presentación será co-avaliada polo alumnado a través dunha rúbrica elaborada e consensuada co alumnado.</p> | 15 |
| Prácticas a través de TIC | C3 | <p>Consiste na construción dun marcador social e da propia contorna de aprendizaxe.</p> <p>Os criterios de avaliación para o marcador son o número de recursos almacenados, o seu nivel de descrición e valoración e o sistema de categorías e subcategorías utilizadas para a súa almacenaxe. Para a contorna persoal de aprendizaxe terase en conta o número de ámbitos, recursos e ferramentas incorporados e a análise e valoración realizada polo alumnado sobre a súa contorna persoal de aprendizaxe.</p> | 10 |
| Traballos tutelados | A18 A20 A21 A25 C1 C3 C7 | <p>Os criterios de avaliación dos traballos tutelados varían en función do reto escollido.</p> <p>Para os retos relacionados coa elaboración de propostas didácticas, os criterios de avaliación son os seguintes: a) fundamentación teórica baseada en fontes actualizadas e pertinentes, b) análise e valoración do currículo oficial, c) contextualización da proposta (curricular, centro, ciclo e alumnado), d) formulación de obxectivos e contidos, e) nivel de concreción das actividades; f) procedemento de avaliación (técnicas e instrumentos, incorporación de procesos de co-avaliación e auto-avaliación) g) coherencia entre os distintos elementos da proposta.</p> | 35 |

Observacións avaliación



PARTICIPACIÓN DO ALUMNADO NA AVALIACIÓN

Unha das premisas é que o alumnado colabore no proceso de avaliación participando na delimitación dos criterios de avaliación e cualificación e exercendo de axente na avaliación das aprendizaxes (a través de procedementos de auto e coavaliación) e do proceso de ensino. Por esta razón, os criterios de cualificación e de avaliación poden ser modificados.

COMPETENCIA LINGÜÍSTICA EN GALEGO A utilización do galego e a súa competencia lingüística tamén vai ser obxecto de avaliación na presentación oral e nas actividades escritas grupais e individuais. O seu peso na cualificación final pode chegar até 1 punto.

ASISTENCIA E SISTEMA DE AVALIACIÓN A asistencia ás aulas é obrigatoria. O alumnado con asistencia regular e que ocasionalmente non acuda a unha sesión deberá de facer individualmente e entregar as actividades realizadas nesa sesión. A cualificación final será o resultado das puntuación obtidas nas catro actividades de avaliación descritas. Para superar a materia é indispensable obter a metade da cualificación no portafolio e nos traballos tutelados e ter realizadas o resto das actividades. Cando non se realice algunha das actividades a cualificación será non presentado. Na avaliación da segunda oportunidade deberán de recuperarse as actividades non superadas. Ó rematar as aulas e na data acordada, cada grupo presentará un dossier grupal coas actividades realizadas en grupo e coas fichas de auto-avaliación, co-avaliación e coa planificación do traballo grupal. Os resultados da co-avaliación teñen efectos na cualificación individual de cada alumna e alumno. No caso de non acadar o 80% de asistencia a cualificación será de non presentado na primeira oportunidade. Na segunda oportunidade terán que realizar un exame (4 puntos) entregar o portafolio (2 puntos), o traballo tutelado (3 puntos) e as prácticas a través das TIC (1 punto). Para superar a materia hai que obter a metade da cualificación no exame e no traballo tutelado e ter realizadas o resto das actividades. Para as persoas con matrícula a tempo parcial e dispensa académica hai unha modalidade de avaliación específica. Antes do inicio da materia teñen que solicitar unha titoría para establecer o proceso de seguimento. Para superar a materia terá que realizar o exame (4 puntos) o portafolio (2 puntos), o traballo tutelado (3 puntos) e as prácticas a través das TIC (1 punto) e obter a metade da cualificación no exame e no traballo tutelado. Na segunda oportunidade recuperarán as partes non superadas.

UTILIZACIÓN DUNHA LINGUAXE INCLUSIVA Nas actividades escritas é obrigatoria a utilización dunha linguaxe inclusiva.

FALTA DE INTEGRIDADE ACADÉMICA a) Ausencia de citación de fontes As citas e referencias a calquer tipo de texto deben declararse ao longo do texto e no apartado de referencias bibliográficas, utilizando as normas APA 6ª edición. b) Plaxio O plaxio será motivo de suspenso, en aplicación do artigo 14.4 da normativa académica de avaliación da UDC, que establece: "na realización de traballos, o plaxio e a utilización de material non orixinal, incluído aquel obtido a través de internet, sen indicación expresa da súa procedencia e, se é o caso, o permiso do seu autor/a, poderá ser considerada causa de cualificación de suspenso na actividade" Normativa académica de avaliación, revisión e reclamación da UDC:

https://www.udc.es/export/sites/udc/normativa/_galeria_down/academica/Normas_avaliacion_revision_reclamacion_consolidado_1.pdf
<http://www.educacion.udc.es/?pagina=propiedad-intelectual>

Falsificación da sinatura Asinar na folla de asistencia por unha compañeira ou compañeiro ausente será penalizado coa perda de avaliación continua

Copiar nos exames O uso indebido de información durante os exames tamén será motivo de suspenso



| | |
|------------------------------------|--|
| Bibliografía básica | <ul style="list-style-type: none"> - Echeverría, Benito (coord) (2008). Orientación profesional. Barcelona: Editorial UOC - Cobo, A; Gutiérrez, E. e Planas, A. (2012). La orientación profesional y la búsqueda de empleo. Experiencias innovadoras y técnicas de intervención que facilitan la inserción laboral.. Barcelona: Editorial Grao - Mc Carthy, J. (2016). La orientación profesional y las habilidades para la gestión de la carrera. Una perspectiva internacional. España: Universidad Castilla La Mancha/ wolters Kluwer - Mc Carthy, J. (2016). la dimensión de servicio público de la orientación . España: Universidad Castilla La Mancha/ wolters Kluwer - Pérez Boullosa, A. (2009). Orientación para la inserción profesional: estrategias y recursos.. Madrid: Biblioteca Nueva - Sánchez García, María Fe (). Orientación profesional y personal. Madrid: UNED - Sanz, Clara e Manzanares, Asunción (2016). El modelo de orientación profesional en cuestión. Revisión de sus referentes teórico-prácticos. . España: Universidad Castilla La Mancha/ wolters Kluwer - Sanz, Clara e Manzanares, Asunción (2016). Claves sobre la intervención de la orientación profesional en los sistemas de formación profesional. España: Universidad Castilla La Mancha/ Wolters Kluwer - Sultana, Robert (2016). La movilización de los servicios de orientación profesional en torno a una agenda de justicia social: una prioridad para todos. España: Universidad Castilla La Mancha/ Wolters Kluwer <p>Para cada tema e para a realización dos retos proporcionase bibliografía básica e complementaria, na maioría dos casos comentada. En moodel tamén se recompilan fontes electrónicas de interese para cada un dos temas e que poden incorporarse ó marcador social.</p> |
| Bibliografía complementaria | |

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Formación profesional e mercado laboral/652606611

Aprendizaxe e ensino dos módulos da especialidade de formación e orientación laboral/652606621

Proxectos de innovación e investigación educativa en formación profesional e orientación laboral/652606E31

Observacións

COMPROMISO COA SUSTENTABILIDADE AMBIENTAL Débese facer un uso sustentábel dos recursos co obxecto de evitar impactos negativos sobre o medio natural.Débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sustentabilidade nos comportamentos persoais e profesionais.En coherencia cos principios enunciados, os traballos impresos que se teñan que entregar non utilizarán plásticos, estarán impresos a dobre cara e empregarán papel recicladoACTUALIZACIÓN DO PERFIL EN MOODELNa segunda sesión de clase todo o alumnado ha de ter pendurada unha foto actual no seu perfil da plataforma de moodel. CARGA DE TRABALLO A realización das tarefas indicadas na guía docente supoñen unha dedicación de 72 horas de traballo fora da aula. Daquela, cómpre unha boa planificación e xestión do tempo.

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías